

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE  
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA  
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 13.07.2018      Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencias**

- 1.1 32861 (10/CPC-000062)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do Sr. director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para os efectos de presentar, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas establecido na Lei 9/2011, artigo 48, a memoria sobre a execución da función de servizo público encomendada referida ao conxunto das súas actividades, programacións, servizos e emisión correspondente ao ano 2017  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018*

**Punto 2. Preguntas orais**

- 2.1 23910 (10/POC-005158)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis  
Sobre o uso do galego na publicidade emitida pola Radio Galega nos anos 2014 a 2017  
*Publicación da reconversión, BOPG n.º 329, do 29.06.2018*
- 2.2 23911 (10/POC-005159)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis  
Sobre o uso do galego na publicidade emitida pola Televisión de Galicia nos anos 2014 a 2017  
*Publicación da reconversión, BOPG n.º 329, do 29.06.2018*
- 2.3 32262 (10/POC-005071)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre a cobertura informativa dada pola CRTVG á manifestación cidadá levada a cabo o 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, en contra

do proxecto de reapertura dunha mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino, así como o prazo previsto para a creación do Consello de Informativos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018*

2.4

32583 (10/POC-005111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Dirección da CRTVG referidas á atención das demandas dos seus profesionais, así como a data estimada para a aprobación do estatuto profesional e o Consello de Informativos, previstos na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

## Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 13.07.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencias

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG**

**Día: 13.07.2018                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1      32861(10/CPC-000062)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para os efectos de presentar, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas establecido na Lei 9/2011, artigo 48, a memoria sobre a execución da función de servizo público encomendada referida ao conxunto das súas actividades, programacións, servizos e emisión correspondente ao ano 2017



*Publicación da iniciativa, 329, 29.06.2018*



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

galicia



Trásladolle escrito do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia no que solicita comparecer perante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA SENORANS ALVAREZ, BLANCA  
Cargo: Directora Xeral  
Data e hora: 27/06/2018 13:02:46

Presidente do Parlamento de Galicia

CVE: MITYD268  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



**CTVG**  
CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
San Marcos  
15920 Santiago de Compostela  
Tlf: 981 540 640  
Info: cttvg.es www.cttvg.gal

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

27 XUN. 2018

**ENTRADA**

Num. 424

**CTVG** CORPORATION  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

entrada nº / saída nº 044

data 27 XUN. 2018

**REGISTRO XERAL ENTRADA**

27 XUN. 2018


Num. 32861

### SOLICITUDE DE COMPARECENCIA

Por medio da presente solicito a comparecencia diante da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, aos efectos de presentar, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas establecido la Lei 9/2011, artigo 48, Memoria sobre a execución da función de servizo público encomendada referida ao conxunto das súas actividades, programacións, servizos e emisións, correspondente ao ano 2017.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018.

O Director Xeral da  
Corporación Radio e Televisión de Galicia

  
**CTVG** CORPORATION  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Asdo.: Alfonso Sánchez Izquierdo

**SRA. DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA.**



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 13.07.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.       Preguntas orais

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 13.07.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1      23910(10/POC-005158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o uso do galego na publicidade emitida pola Radio  
Galega nos anos 2014 a 2017

*Publicación da reconversión, 329, 29.06.2018*



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O papel da CRTVG no impulso do uso do galego na sociedade é fundamental non só na utilización nos programas emitidos senón tamén na publicidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª.) A canto ascenderon os ingresos netos por publicidade na Radio Galega nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017?

2ª.) Cal é a relación de ingresos (en números absolutos e relativos) que proceden da publicidade emitida pola Radio Galega en galego nos anos citados?

3ª.) Cantas empresas ou organismos de calquera tipo fixeron a súa publicidade en galego e cantas en castelán nos anos 2014, 2015, 2016, 2017 na Radio Galega?

4ª.) Cantas empresas non galegas de ámbito nacional ou internacional elixiron emitir a súa publicidade na Radio Galega en galego e cantas en castelán? e cal foi a evolución nos anos citados?

5ª.) Cantas empresas galegas ou de ámbito galego elixiron emitir a publicidade na Radio Galega en galego e cantas en castelán nos anos citados?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2018 13:05  
Nº Rexistro: 23910  
Data envío: 23/01/2018 13:05:12.847



 Grupo Parlamentario

6ª.) Cal é a cantidade (en números absolutos e relativos) de anuncios publicitarios emitidos en galego na Radio Galega nos anos 2014, 2015, 2016, 2017?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2018 13:04:14**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 23/01/2018 13:04:07**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 23/01/2018 13:04:24**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 13.07.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2      23911(10/POC-005159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o uso do galego na publicidade emitida pola Televisión  
de Galicia nos anos 2014 a 2017

*Publicación da reconversión, 329, 29.06.2018*



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O papel da TVG no impulso do uso do galego na sociedade é fundamental non só na utilización nos programas emitidos senón tamén na publicidades.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª.) A canto ascenderon os ingresos netos por publicidade na TVG nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017?

2ª.) Cal é a relación de ingresos (en números absolutos e relativos) que proceden da publicidade emitida pola TVG en galego nos anos citados?

3ª.) Cantas empresas ou organismos de calquera tipo fixeron a súa publicidade en galego e cantas en castelán nos anos 2014, 2015, 2016, 2017?

4ª.) Cantas empresas non galegas de ámbito nacional ou internacional elixiron emitir a súa publicidade en TVG en galego e cantas en castelán? e cal foi a evolución nos anos citados?

5ª.) Cantas empresas galegas ou de ámbito galego elixiron emitir a publicidade en TVG en galego e cantas en castelán nos anos citados?

6ª.) Cal é a cantidade (en números absolutos e relativos) de anuncios publicitarios emitidos en galego na TVG nos anos 2014, 2015, 2016, 2017?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2018



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2018 13:09**  
**Nº Rexistro: 23911**  
Data envío: 23/01/2018 13:09:11.485



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 23/01/2018 13:08:03**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 23/01/2018 13:08:23**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2018 13:08:15**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 13.07.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3        32262(10/POC-005071)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a cobertura informativa dada pola CRTVG á manifestación cidadá levada a cabo o 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, en contra do proxecto de reapertura dunha mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino, así como o prazo previsto para a creación do Consello de Informativos

*Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Anxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

O 10 de xuño de 2018 percorreu as rúas de Santiago unha masiva manifestación (60.000 persoas segundo a organización) en contra do proxecto de reapertura dunha mina de cobre nos concellos de Touro e O Pino, convocada pola Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino Non e pola Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, apoiadas por numerosos colectivos sociais e veciñais, así como forzas políticas e sindicais.

A mobilización foi tan masiva que se atrasou a hora de saída dende a Alameda, para rematar enchendo a praza do Obradoiro.

O telexornal mediodía da TVG ese mesmo día abriu coa nova da crise sucesoria no PP; na apertura do TX, a nova da manifestación contra o proxecto mineiro ocupou o terceiro lugar.

Xa no desenvolvemento da noticia, a información sobre a manifestación máis sobre a mobilización previa en redes da plataforma contra a miña xunto coa campaña da empresa a favor do proxecto e a opinión da Xunta, ocupa, en conxunto, catro minutos e medio de TX. Na locución da nova prodúcese unha referencia explícita a que a lei que regula a instalación destes proxectos é “do Bipartito”.



As imaxes da manifestación non inclúen ningunha onde se poida observar a masiva presenza de xente na praza do Obradoiro.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual continúa, a mediados de 2018, sen ser desenvolvida, incumpríndose, entre outros, a obriga de crear un Consello de Informativos na CRTVG.

Nos últimos anos, a CRVTG viu minguados os seus orzamentos, o seu persoal e a produción propia, nun camiño de deterioro do servizo público que ten o seu máis visible expoñente na manipulación informativa, que se vai ver acrecentada co anuncio da supresión das desconexións locais prevista para setembro de 2018.

O dereito á información e a ter un servizo público de comunicación audiovisual vese en cuestión co control informativo da CRTVG.

Por todo o exposto, as deputadas que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que non se emitiron imaxes do conxunto da manifestación contra a mina de Touro-O Pino no TX do mediodía do 10 de xuño de 2018?
- Considera acaído facer referencia a que a lei que regula a actividade mineira en Galiza é “do Bipartito”, sabendo que, ademais, esta foi modificada posteriormente?
- Considera acaído, o día da manifestación, poñer ao mesmo nivel o vídeo da campaña crítica coa mina, elaborado para convocar á mobilización, xunto ao vídeo favorable ao proxecto impulsado pola propia empresa Cobre San Rafael?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/06/2018 17:53  
Nº Rexistro: 32262  
Data envío: 11/06/2018 17:53:15.745



- Considera acaído colocar a opinión da Xunta e non dar voz ás forzas políticas da oposición no Parlamento de Galicia?
  
- Ata cando vai o Goberno seguir amordazando a CRTVG?
  
- Non considera un desprezo á cidadanía galega o non cumprimento da Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual?
  
- Cando vai a CRTVG crear o Consello de Informativos?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Anxeles Cuña Bóveda  
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 11/06/2018 17:52:31**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/06/2018 17:52:39**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 13.07.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.4        32583(10/POC-005111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Dirección da CRTVG referidas á atención das demandas dos seus profesionais, así como a data estimada para a aprobación do estatuto profesional e o Consello de Informativos, previstos na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

*Publicación da iniciativa, 329, 29.06.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/06/2018 09:30  
Nº Rexistro: 32583  
Data envío: 19/06/2018 19:05:26.696

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**, sobre a creación do Consello de informativos e a aprobación do Estatuto profesional recollidos na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza.

O persoal da CRTVG leva semanas mobilizándose para amosar o seu rexeitamento á supresión dos informativos locais da Radio Galega e as mudanzas na programación radiofónica –nomeadamente no Diario Cultural.

De facto, o Comité intercentros entregou á Dirección Xeral da CRTVG 550 sinaturas –recollida entre as/os profesionais-- no que reclaman o mantemento das desconexións locais e o reforzo do persoal que traballa nas delegacións territoriais.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando, desde que tivemos constancia da decisión adoptada pola dirección da Corporación, a vulneración que suporá dos principios que deberían rexer un servizo público como a radio e a televisión públicas.

Alén disto, o 19 de xuño coñecíamos a demisión presentada por dous xornalistas da TVG como mostra do seu desacordo coa liña informativa e por razóns profesionais.

Desde o cadro de persoal da Corporación e as organizacións sindicais que o representan, levan anos a demandar a aprobación do Estatuto profesional (artigo 36) e a



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/06/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 32583**

Data envío: 19/06/2018 19:05:26.696

creación do Consello de informativos previsto na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza.

O Consello de informativos debe ser, como recolle a propia lexislación, un “órgano interno de participación dos profesionais da información da CRTVG co fin de velar pola independencia, pola veracidade e pola obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG:

- Vai atender a dirección da CRTVG as demandas das/os profesionais?
- Cando vai aprobar a CRTVG o Estatuto profesional e o Consello de informativos previsto na Lei 9/2011?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/06/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 32583**  
Data envío: 19/06/2018 19:05:26.696

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2018 19:00:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/06/2018 19:00:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2018 19:00:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2018 19:00:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/06/2018 19:00:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/06/2018 19:00:36**